

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 2 CINTA 6



NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0006_002_en_0_08_12_id639_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0006_002_en_0_08_12_id639.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a sexta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala dos tipos de fondo do mar e os peixes que habitan neles. Tamén fala dos cons e da función que cumprían na orientación dos mariñeiros.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 6 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

fondo do mar, areal, peixe, solla, muxo, carrameiro, con, mariñeiro, orientación, marisco, fondón, caladoiro, ría de Vigo

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 6



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: Pois vamos falar do que era o fondo do mar, ¿que tipos de fondos hai e que pescas pode haber? Porque non todo o fondo é igual, hai os areiros, que eses son máis ben de terra ¿non?

R: Os areiros son de terra e mais no mar, tamén hai profundidade. Hai areiros, porque se acumulan coas corrientes, cando hai moitas corrientes, porque o mar é moi movedizo e corrientes que levan unha velocidade, [*outras que levan outra*]¹, e hai momentos que se xuntan, máximo onde están os ríos, cerco, moven a area e a area vai con eses remuíños que fai a corrente van acumulando, un monte aquí, un monte alí e son os areiros, son os que chamamos areiros, como se miraban aquí na praia, agora non se miran...

P: Eses tipos de areiros dan algún peixe ou... dan mais ben tipo marisco croques, zamburiñas o mellor.

R: Tamén moitas veces é cobijo para a solla. Para o croque, moitas veces o pescado que está aquí cerco da praia, cando ven a maré arriba, eles veñen vindo e veñen a comer o jujo que hai aquí nestas pedras. Moitas veces, o mesmo muxo está a baixamar e lárgase, pero o musgo que ten a pedra, que lle da o aire e o sol e iso, cando ven a pleamar ven o mar e veñen eles a comer aquelas pedras. Moitas veces aquí nas pedras que taparon aquí co relleno² este, esas pedras de estar os muxos alí a comer, e crongos, que van ós laños.

P: Pero eses xa non están nos areiros.

R: Non ese non está no areiro.

P: E hai outro tipo, ¿os carrumeiros que son?

R: Son herbas.

P: Son herbas, que se forman pero xa non nos areiros, teñen que darse en pedra ¿os carrumeiros son grandes non?

R: Son grandes, ten a pedra alta.

P: Entonces ó redor dela dase cantidade de peixes ¿non?

R: E que van comer alí, sempre van a comer os carrumeiros que é o único comeduría que teñen, aquí claro aquí teñen a sardiña, e teñen todo... (?) o carrumeiro, porque moitas veces están a comer as sardiñas no carrumeiro, nas pedras abaixo, pero están as pedras, e nas ramas perdes o aparello, porque, porque están a comer nas pedras.

P: ¿O que lle chaman os cons? Os cons que son pedras que sobresalen, ¿son pedras grandes?

R: ¿Que son?

P: Os cons, son pedras que sobresalen para fóra do mar ¿non? Son pedras puntiagudas normalmente.

R: Vamos a poñer que lle chames illas, porque tes...

P: Son tipo pedras, como a pedra do pego, como a...

R: Son pedras que hai por natureza. Son pedras que se descubriron, e despois de descubrirse a xente foille dando nomes, foille dando nomes...

P: E esas pedras a veces sirven para identificar...

R: Identificar un sitio.

P: O sitio ¿non? Si os Carallóns como lle chaman...

R: Si os Carallóns.

P: Pedra do Pego.

¹ O fragmento destacado en cursiva entre corchetes non se escoita no audio

² Recheo que formou a actual alameda de Moaña no quinquenio 1980-1985 e tapou moitas pedras que había na praia.



R: Os Carallóns están mesmo na entrada de Baiona. Os Carallóns están mesmo na entrada de Baiona.

P: Ese tipo identifica, aparte que serve para orientarlle ¿non?

R: Para orientarte, e para abrigarse, porque pódete coller unha barruntada³ ou unha tronada, que pode durar unha hora máis ou menos, a golpe de tronos, e iso, e cobíjaste ó lado del ¿non? Porque esas pedras pois bate todo o... a forza do mar nel, si acaso embate muito o vento porque esas dos Carallóns están baixas, pero a forza do mar, axudaba a abrigarche, como as islas.

P: Pero ó mesmo tempo a veces son peligrosas ¿non? Porque coa marea arriba ó mellor pasa por riba delas, e ten que coñecer ben a ruta.

R: Tense coñecer, porque a veces ves coa niebla ou calquera cousa e embarrancas.

P: Porque á altura da Guía⁴, o paso por alí é bastante fastidiado ¿non? Hai que ter muito cuidado, hai muitos cons deses, muitas...

R: Despois tes coma tal a Illa, onde lle chamamos Cabo de Bicos, por debaixo, hai pedra hasta a medio da boca da entrada de Vigo, hasta a boca da entrada de Vigo, no mar, é pedra.

P: ¿Todo pedra? Aínda...

R: Así como aí é descuberta a Illa, pero despois polo chan, non ten fango, ten pedra, pasamos por riba desa porque ten muito calado.

P: E todas esas pedras téñennas que ter ben identificadas, polo menos todos os patróns, teñen que coñecer ben para non pasar cerca.

R: Xa hai marcas por libros, feitas polos técnicos ¿non?, con marcas e todo, pero cando é de noite as marcas non as miras.

P: Por iso nunha carta ó mellor mírase ben polo día, pero pola noite.

R: Claro, a carta mírasna, pero non miras ó oriente, non te podes orientar, porque non hai visibilidade. Se o mar estivera localizado con boias ou iluminado, entón podías dirixirte pola...

P: Esas solen ser ricas ¿non?...

R: ¿Cómo?

P: Ese tipo de pedras soen albergar tamén moito tipo de marisco e de peixe ¿non?

R: ...(?) Cando ven o inverno, porque ten dúas paredes, aí na boca do sol hai a entrada, a entrada que miramos a mitá dela é pedra, na superficie, o que pasa que os raios, pero os aparellos dan nela e rompen os aparellos.

P: Abaixo.

R: Abaixo.

P: ¿E que son os fondóns, un fondón?

R: Os fondóns son caladeros de cobijo de peixe, son as casas, os caladeros, eses fondóns, o peixe muitas veces sinte mal tiempo e iso, vanse a cobijar ós fondóns, que lle chamabámoslle peixes aos fondóns, a os caladeros.

P: E soen ser máis fondos que os...

R: Porque muitas veces, vas, e non sonda aquí, e sonda aquí, e sondas cincuenta brazas, andas media hora máis ou para fóra ou pa un lado ou pa outro, pa o norte ou po sur, oeste ou este, pero sondas outra vez [*e non ten caladero a sonda, e que non está descuberto...o mar polas alturas está descuberto, está unha orientación de ir sondando e...*

P: *Iso de fondón, xa o dice a palabra, que son terrenos máis baixos...*

R: *Máis baixos, por exemplo, ti tes un fondón...*⁵

P: E aí suele haber muito peixe.

R: Tes un fondón, na ría de aquí de Vigo. Ti ves polo aire e ves andando e chegas ó monte do Faro, xúntase encima do monte de Faro, a unhas vinte brazas, cen brazas, pero ó andar

³ Ventada

⁴ Punta do Arroaz

⁵ O fragmento destacado en cursiva entre corchetes non se escoita no audio



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

dous minutos caes aquí, tes unha baixada, aquí, esos son os que chaman os fondóns do mar.

P: E aí suele ser abrigo do peixe, aí case sempre hai peixe ¿non?

R: Claro, é donde se cobijan, cando hai temporal no mar, cando hai cousas fenómenos no mar, collen os fondóns. Alí van case todo, ballenas, toniñas, todos eses peixes grandes todos van ó fondón.